



EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



XERARDO QUINTIÁ
Finísimo po nas ás
Colección COSTA OESTE
EDITORIAL GALAXIA 2006
136 páxinas
P. V. P. Xxxxxx € IVE incluído



FINÍSIMO PO NAS ÁS

Dun tempo próximo, chegan estas historias que, porén, falan doutro tempo. Do tempo no que as infancia eran mornas e frías á vez. Do tempo de xoguetes contados e de preguntas abundas. Do tempo en que a inocencia se contaba a anacos, coma moedas recibidas na paga, para durar interminablemente, para durar mesmo alén do que un quixese.

XERARDO QUINTIÁ naceu en Friol (Lugo) en 1970. Da súa infancia á beira do monte Oroso, primeiro, e a carón da estrada entre Friol e Palas de Rei, despois, garda as lembranzas dos avós, da besta dacabalo da que ía dunha casa a outra, da ausencia dos pais emigrados en Londres... Pasaron os anos —anos de estudo e de primeiros folios escritos “como quen comeza a soñar”— e Xerardo Quintiá casou, tivo un fillo, traballou en distintas actividades, empezou a colaborar nalgunhas publicacións e un día veu cumprido aquel soño en forma de libro: velaí a Xerardo Quintiá a contemplar o seu soño no escaparate da librería que había na Praza do Campo, de Lugo. Desde entón, Xerardo Quintiá confirmouse coma unha das voces máis orixinais e interesantes da nova narrativa galega. Frecuentou con éxito outros rexistros —no ámbito da literatura infantil, por exemplo— e agora torna a ofrecernos, renovados, os gromos daquel seu primeiro froito literario.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es